

Mércores, 16 de maio de 2018

Núm. 94

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MARÍN

Contratos administrativos

CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE SORTEO PÚBLICO, DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE 17 POSTOS DE VENDA AMBULANTE NO MERCADILLO SEMANAL DE MARÍN

1.—Obxecto:

- a) Descripción: Convócase o procedimento para a adxudicación, mediante sorteio público, entre as solicitudes recibidas en tempo e forma, de 17 licenzas para o exercicio da venda ambulante no mercadillo semanal de Marín, nos postos disponibles, sinalados nas bases da convocatoria, conforme aos termos do vixente Regulamento da venda ambulante do Concello de Marín.
- b) Organismo: Concello de Marín.
- c) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- d) Obtención de documentación e información: As bases reguladoras desta convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de edictos do Concello de Marín e na sede electrónica municipal (www.concellodemarin.es).

2.—Requisitos para ser adxudicatario/a de postos:

- a) Estar dado/a de alta no epígrafe correspondente á actividade para a que se concede a autorización e ao corrente no pago do Imposto de Actividades Económicas ou, en caso de estar exento, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacions.
- c) Reunir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora do/s produto/s obxecto de venda ambulante.
- d) Satisfacer as taxas e/ou tributos fixados na ordenanza municipal correspondente.
- e) Non ter débedas pendentes co Concello de Marín.
- f) En caso de persoas físicas, fotocopia do Documento Nacional de Identidade. Os nacionais doutros países presentarán fotocopia do Número de Identificación de Etranxeiros (NIE) e/ou pasaporte. Se os/as solicitantes proceden de países non membros da Unión Europea, deberán estar en posesión dos permiso de residencia e traballo, que, en cada caso, fosen esixibles.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocumentcsv/getdocumentcsvForm.xhtml?ID=000SCUXJF6G5FND>



Mércores, 16 de maio de 2018

Núm. 94

g) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: CIF, acta de constitución e estatutos da entidade, así como o outorgamento de poderes á persoa que tome parte no sorteo en representación da entidade e o DNI do representante.

h) En caso de comercializar produtos alimenticios, dispoñer do certificado acreditativo de haber recibir formación en materia de manipulación de alimentos.

i) Disponer dun seguro de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 150.000 euros, que cubra os posibles riscos derivados do exercicio da actividade.

j) Non estar encurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade establecida por lei.

3.—Presentación de solicitudes:

a) Modo de participar no sorteo: Os interesados deberán presentar a solicitud, conforme ao Anexo I, acompañada da documentación establecida nas bases.

b) Lugar de presentación: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Marín, sito en avda. de Ourense s/n, 36900 – Marín, ou por calquera dos rexistros habilitados legalmente. Se a solicitud non se presenta no Rexistro Xeral do Concello de Marín é obrigado enviar por fax un xustificante de envío dentro do prazo de presentación, ó núm. 986 882 013.

c) Data límite de presentación de solicitudes: QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

4.—Procedemento de adxudicación das autorizacións:

a) Procedemento de concesión: A adxudicación realizarase por sorteo público e presencial. Para ser adxudicatario/a dunha licenza é obligatoria a asistencia ao acto do sorteo, persoalmente ou mediante representante previamente acreditado por escrito, sen admitirse acreditacións verbais.

b) Lugar de celebración do sorteo: O sorteo celebrarase no Salón de Plenos do Concello, sito en avda. de Ourense s/n, Marín, C.P: 36900.

d) Data e hora de celebración do sorteo: Ás 12:00 horas do quinto día hábil seguinte ó de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

e) A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos: deberase presentar no prazo de 15 días hábiles a contar desde a comunicación do resultado do sorteo celebrado, para a posterior adopción do acordo de adxudicación.

A Alcadesa de Marín

Asdo. María Ramallo Vázquez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:
<https://sede.depo.gal/web/publico/procedentes/getdocfromosv/getdocfromosv.html?codigo=0W20SCOKJ56U9END>





BASES REGULADORAS DA ADXUDICACIÓN, MEDIANTE SORTEO PÚBLICO, DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE 17 POSTOS DE VENDA AMBULANTE NO "MERCADILLO SEMANAL" DE MARÍN.

1º.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases regular o procedemento para a adxudicación, mediante sorteio público, de autorizacións para a ocupación do dominio público con destino á instalación de dezaseste (17) postos de venda ambulante, desmontables, no mercadillo semanal de Marín.

As autorizacións administrativas para a instalación de postos de venda ambulante concederanse exclusivamente no mercado municipal periódico recoñecido no artigo 10º do Regulamento da venda ambulante do Concello de Marín (B.O.P. núm. 207 de 28/10/2013) (en adiante, RVA), que se celebra todos os xoves do ano ou o día anterior, en caso de coincidir en festivo, de 7 a 13.30 horas, nas rúas Sol e Real.

2º.-AUTORIZACIÓN MUNICIPAL: NATUREZA XURÍDICA, CARACTERÍSTICAS E CONTIDO.

As autorizacións municipais para a venda ambulante ou non sedentaria terán natureza xurídica de autorización de ocupación de dominio público para a súa utilización especial destinada á prestación de servizos particulares dirixidos ao público, non configurándose como unha concesión administrativa senón como unha utilización de menor entidade que non xera vínculo estable nin dereito no comerciante sobre o dominio público.

A autorización para o exercizo da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada e será persoal e transferibles, previa comunicación ao Concello, polo tempo que reste ata a finalización do seu prazo de duración, a outras persoas físicas ou xurídicas, que acreden ten o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 13/2010. O Concello de Marín resérvase un dereito de tanteo ou adquisición preferente da totalidade das transmisións que sexan solicitadas. Este dereito executarase nun prazo máximo dun mes contado a partir da presentación da solicitude de transmisión de cedente e cionario.

O concello poderá comprobar e inspeccionar, en todo intre, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, así como o cumprimento das obrigas establecidas na normativa de aplicación e lle notificará, no seu caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercizo das súas funcións que poidan constituir unha infracción da legislación de defensa da competencia.

A autorización debe definir os seguintes parámetros:

- Nome e apelidos ou denominación social, domicilio fiscal e DNI/CIF do titular da autorización e epígrafe do IAE.
- Identificación da/s persoa/s habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.
- Modalidade de venda ambulante que se autoriza.
- Artigos que poden ser obxecto de comercialización, de acordo cos artigos 11 e 12 do RVA.
- Lugares de venda.
- Datos nas que esta autoriza o exercizo da venda ambulante.
- Dimensións do posto.
- Número do posto.
- Referencia á obrigación de coñecer e cumplir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.
- Condicións particulares ás que, no seu caso, quede suxeito o titular da autorización.
- Data de outorgamento da licenza e período de vixencia da autorización.

**3º.- POSTOS DE VENDA.**

A venda deberá realizarse en postos ou instalacións desmontables, instalados na vía pública, cuxa numeración e distribución se recolle no plano adxunto ás presentes bases.

A tipoloxía dos postos atópase detallada no art. 18 do RVA.

Os postos que se licitan e a súas dimensións son os seguintes:

Posto Nº	Dimensións
100	6x2
101	8x2
102	8x2
103	8x2
104	8x2
105	6x2
106	8x2
107	8x2
108	8x2
109	6x2
110	6x2
111	8x2
112	5x2
113	8x2
114	8x2
115	8x2
116	8x2

O destino dos postos depende da súa localización, debendo estarse ao previsto, a tal efecto, no art. 8 do RVA.

O horario de instalación, recollida e funcionamento será o previsto no Regulamento municipal.

4º.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán concorrer a esta licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, consonte coa lexislación mercantil e co establecido na Lei do comercio interior de Galicia, para o exercizo da venda ambulante e non estean comprendidas nalgún dos supostos de prohibición sinalados no artigo 60 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do Régime Electoral Xeral, en especial nos seus artigos 159.b) e 178.2.d).

Requírese así mesmo do licitador, que os fins sinalados nos seus estatutos ou regras fundacionais, teñan relación directa coa actividade de venda ambulante que se vai exercer.

Así mesmo os propoñentes deberán estar dados de alta nos epígrafes correspondentes do Imposto de Actividades Económicas.

En calquera caso, esixirase o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pago do referido imposto ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizaciones.
- c) Reunir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto de venda ambulante.
- d) Dispoñer en caso de comercializar produtos alimenticios, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- e) Satisfacer as taxas e tributos establecidos para este tipo de venda.



- f) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se trata de persoas estranxeiras.
- g) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa.
- h) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 150.000 euros, para responder de posibles danos a persoas ou bens a resultas da actividade autorizada.
- i) Dispoñer da correspondente autorización municipal que sinalará ou obxecto da venda, e que deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente e estará sometida á comprobación previa polo concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos legais en vigor polo exercicio do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para o cal está autorizado a venda.

Cada persoa física non poderá optar a máis dun posto nin presentar máis dunha solicitude.

As sociedades mercantís legalmente constituídas e as cooperativas, poderán presentar tantas solicitudes como postos aos que opten, podendo optar como máximo a 2 postos, no caso de cooperativas de ata 10 socios e sociedades mercantes legalmente constituídas e inscritas (agás as unipessoais) e ata 4 postos como máximo, no caso de cooperativas de entre 11 e 20 socios.

As persoas que xa sexan titulares doutra licenza de venda ambulante no mercadillo de Marín poderán concorrer a esta licitación, se ben, no caso de ser propostas como adjudicatarias dun novo posto, haberán de optar entre o posto que veñen ocupando e o que obteñan nesta licitación.

5º.- TAXA. Os titulares de licenzas para o exercicio da venda ambulante deberán satisfacer a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con postos, nos termos previstos na Ordenanza fiscal aplicable.

6º.- SOLICITUDES: FORMA, LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN.

As persoas interesadas en tomar parte na licitación dos postos presentarán a pertinente solicitude, conforme ao modelo que se une como anexo I a estas bases, acompañada da seguinte documentación:

- 1- Fotocopia do DNI/ CIF/NIF/Tarxeta de residencia ou permiso de traballo ou documento que acredite a representación, en caso de tratarse de persoas xurídicas.
- 2- Declaración responsable comprensiva dos seguintes extremos:
 - Que se compromete a cumplir todos os requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na comunidade autónoma de Galicia.
 - Que estará en posesión da documentación que así o acredita a partir do comezo da actividade.
 - Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo da vixencia da autorización.
 - Que non está incuso en causa de incapacidade ou incompatibilidade establecida por lei.
 - Que non vai proceder á venda de artigos distintos dos solicitados e, en todo caso, daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de ser o caso, que acatará toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na legislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos. A declaración responsable, comprenderá, ademais, os seguintes extremos:



- a) Compromiso a manterse de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pagamento da tarifa. A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obligados tributarios, deberá ser acreditada, a opción do interesado, ben por el mesmo, ben mediante autorización á administración para que verifique o seu cumprimento
- b) Compromiso a manterse de alta e ao corrente no pagamento das cotizacions da Seguridade Social.
- c) Reunir as condicions esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.
- d) No caso de estranxeiros, deberá acreditarse estar en posesión do permiso de residencia e de traballo ou documentación que xustifique que está en trámite de obter ante o organismo competente, os devanditos permisos.
- e) Cando a venda se realice por persoa distinta do titular da licenza, acreditación do correspondente contrato laboral e alta na Seguridade Social.

En calquera caso, a totalidade da documentación sinalada na declaración responsable deberá estar en posesión do comerciante e será presentada sempre que lle sexa requirida.

A solicitude de autorización deberá ser presentada, pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida á Sra. Alcaldesa, que poderá ser presentada directamente no Rexistro xeral do Concello de Marín, situado na Avda. de Ourense s/n, 36900- Marín, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015.

O prazo de presentación será de **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES**, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cando as solicitudes sexan enviadas por correo, en aplicación do disposto no art. 80.4 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío nas oficinas de correos e anunciará a remisión da súa solicitude á Sra. Alcaldesa, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número de fax: 986 882 013. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude no caso de ser recibida con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no parágrafo anterior das presentes bases. Transcorridos, non obstante, dez (10) días dende a indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Cando o solicitante sexa unha persoa física non poderá formular máis dunha solicitude. Cando se trate de sociedades mercantís legalmente constituídas ou cooperativas, poderán presentar tantas solicitudes como postos aos que opten, podendo optar como máximo a 2 postos, no caso de cooperativas de ata 10 socios e sociedades mercantís legalmente constituídas e inscritas (agás as unipersonais) e ata 4 postos como máximo, no caso de cooperativas de entre 11 e 20 socios.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo interesado do contido da totalidade das cláusulas ou condicions destas bases, sen salvedade ou reserva algúns.

7º. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

As bases da licitación publicaranse no Perfil do Contratante, a partir da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, así mesmo será publicada a adjudicación e calquera outro dato e información relevante referente ao procedemento.

O acceso público ao perfil do contratante efectuarase a través do portal da web municipal: www.concellodemarin.es.



As presentes bases estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Marín, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de autorizacións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:30 horas.

8º. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNNS.

O procedemento para a adxudicación das autorizacións será o sorteo público.

Só se adxudicará unha autorización por solicitante, se ben, por aplicación do Regulamento municipal de venda ambulante, dita autorización dará dereito a instalar:

- 1 único posto: cando se trate de persoas físicas.
- ata 2 postos como máximo, no caso de cooperativas de ata 10 socios e sociedades mercantís legalmente constituídas e inscritas (agás as unipessoais).
- ata 4 postos como máximo, no caso de cooperativas de entre 11 e 20 socios.

O sorteo dos postos terá lugar o quinto día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de solicitudes, ás doce (12.00) horas, na Casa do Concello, situada na avda. de Ourense, s/n de Marín. O antedito acto será debidamente anunciado no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Marín.

O sorteo realizarase coas adecuadas garantías de imparcialidade, transparencia e obxectividade correspondentes.

Os solicitantes dos postos deberán comparecer en dito acto para elixir posto, persoalmente ou mediante un representante acreditado por escrito, non admitíndose acreditacións verbais.

Cada solicitude numerarase por orde correlativa ao número do rexistro de entrada de documentos que lle corresponde, confeccionando unha lista pública de solicitudes.

- Introduciranse nunha urna tantos números como solicitudes se presentasen.
- Extraeranse sucesivamente os números introducidos e, nese mesmo acto, o solicitante ao que lle corresponda o número extraído deberá elixir o posto entre os dispoñibles.
- De non concorrer ao acto o solicitante ao que lle corresponda o número extraído ou o seu representante debidamente acreditado, ou de non ter interese nos postos dispoñibles, seguirase coa extracción de números ata a asignación dos 17 postos ofertados.

O sorteo determinará os solicitantes que adquirirán o dereito a obter unha autorización de venda.

Logo de adxudicarse os 17 postos dispoñibles, seguirase coa extracción de números a fin de confeccionar, con todas as solicitudes que se presenten, un listado de suplentes, a fin de que, en caso de renuncia ou vacantes, se ofreza aos mesmos a posibilidade de obter unha autorización de venda.

9º.- FORMALIZACIÓN DAS AUTORIZACIÓNNS.

Unha vez recibida comunicación favorable á solicitude de autorización e como trámite previo ao outorgamento da licenza, os solicitantes, co obxecto de obter esta, deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles, desde que reciban a notificación, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/CIF e NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro, deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.
- Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.
- Fotocopia do último recibo do Seguro Autónomo orixinal ou alta no mesmo.
- Se a licencia afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- Declaración xurada na que o solicitante manifeste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade, e o seu compromiso a observalas.



-Certificado de atoparse ó corrente de pago nas obrigas tributarias co Concello e da Seguridade Social, ou xustificante que acredite o aprazamento do pago. Sen prexuízo do disposto na Lei 39/2015, poderase reclamar ó solicitante calquera información ou documentación adicional que se considere necesaria, co fin de verificar os datos aportados polo interesado.

-Copias compulsadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenrolar a actividade no nome do titular, cando este sexa persoa xurídica.

-Documentación acreditativa da constitución legal e inscrición no oportuno Rrexistro Mercantil, para o suposto de que se trate dunha persoa xurídica.

Unha vez presentada a documentación, formalizaranse as referidas licenzas coa expedición da corresponde tarxeta de venda ambulante.

10º.- PRAZO MÁXIMO PARA RESOLVER.

O prazo máximo para resolver será de **tres (3) meses** a contar desde o día seguinte á finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

11º.- COBERTURA DE VACANTES.

Cos comerciantes que non obtiveran posto, sortearase igualmente un listado de supletes que inclúa todas as solicitudes presentadas, que quedarán colocadas por orde de prelación, co fin de que, no caso de renuncia ou vacantes, se ofreza aos mesmos a posibilidade de obter unha autorización de venda. Dita lista de reserva terá unha vixencia de dous anos.

A proposta de adxudicación dos postos vacantes ao longo da vixencia da bolsa será notificada ao interesado, seguindo a orde da bolsa, quien manifestará a súa aceptación nun prazo máximo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á de recepción da notificación, entendéndose decaído no seu dereito en caso de non aceptarse.

Non serán admitidas novas solicitudes ao longo da vixencia de dita bolsa debendo, unha vez concluída a vixencia da mesma, convocar un novo procedemento de adxudicación dos postos vacantes.

12º.- CONTIDO DA AUTORIZACIÓN

Nas autorizacions expedidas polo concello farase constar a seguinte información:

1. Identificación do titular e no seu caso da/s persoas autorizadas.
2. Modalidade do comercio ambulante para a que se habilita a autorización.
3. Situación precisa do posto.
4. Produto/s autorizado/s para o comercio.
5. Días e horas nos que se poderá levar a cabo a actividade comercial.
6. Prazo de duración da autorización.
7. Se é o caso, condicións particulares ás que se suxeita o titular da actividade. Se o concello outorga unha identificación ao titular da autorización, está haberá de conter os datos esenciais da autorización.

13º.- RESPONSABILIDADE CIVIL.

Cada adxudicatario será responsable dos danos e prexúizos que se causen a terceiros como consecuencia da actividade de venda ambulante sometida a licenza, debendo contar co correspondente seguro de responsabilidade civil, que cubra suficientemente os riscos derivados da súa actividade, póliza que deberán presentar para facer efectiva a adxudicación de cada autorización de instalación de postos de venda ambulante no mercadillo semanal.

Cada adxudicatario será responsable dos actos ou feitos que se deriven do exercicio da súa actividade mercantil.

14º.- DURACIÓN DAS AUTORIZACIÓN.



A duración máxima das autorizacións reguladas nesta convocatoria será dun ano natural, segundo a regulación contida no artigo 20 do Regulamento da venda ambulante do Concello de Marín.

Rematado o primeiro exercizo os titulares das autorizacións estarán obrigados a acreditar, anualmente, perante o Concello, no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de cada ano, atoparse ao corrente da súas obrigas coa Seguridade Social, a Administración Tributaria e Local, así como o pago do correspondente seguro de responsabilidade civil e acreditación das demais circunstancias esixibles ao abeiro do art. 13 do Regulamento da venda ambulante do Concello de Marín.

15º.- EXTINCIÓN

A extinción das autorizacións reguladas nesta convocatoria realizarase por algunha das causas contidas no artigo 21 do Regulamento da venda ambulante do Concello de Marín.

As autorizacións outorgadas serán revocadas polo incumprimento sobrevido dos requisitos establecidos no regulamento municipal, ou polo falseamento da documentación presentada xustificativa do cumprimento dos requisitos sinalados, así como por motivos de interese público debidamente xustificados ou a desaparición das circunstancias que as motivaron, sen que por elo xere dereito a indemnización e/ou compensación ningunha.

16º.- INFRACCIONES E SANCIÓNNS.

O réxime de infraccións e réxime sancionador aplicable será o indicado no Regulamento de venda ambulante do Concello de Marín (BOP nº 207 de 28 de outubro de 2013).

17º.- RÉXIME XURÍDICO.

En todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación o disposto na Lei de Comercio Interior de Galicia e, subsidiariamente, no Regulamento da venda ambulante no Concello de Marín.

18º.- IMPUGNACIÓN.

A presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida, potestativamente, nos termos e prazos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou directamente, mediante a interposición de recurso contencioso administrativo (artigo 46 Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Marín, 10 de abril de 2018
A concelleira delegada de Turismo e Comercio

Asdo.: Cristina Acuña González.

**A NEXO I****MODELO DE SOLICITUDE****PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓN S PARA A
INSTALACIÓN DE
17 POSTOS DE VENDA NO MERCADILLO SEMANAL DE MARÍN**

DEPARTAMENTO SECRETARIA	EXPIRADA 24/13	REGISTRO DE ENTRADA (SEGO)

SOLICITANTE:

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):

Enderezo (rúa, número, C.P., poboación, provincia e país):

Teléfono de contacto:

C.I.F./N.I.F./Troxeta residencia ou permiso de traballo:

REPRESENTANTE (se procede):

Nome e apelidos:

Enderezo (rúa, número, C.P., poboación, provincia e país)

N.I.F./Troxeta residencia ou permiso de traballo:

Nº teléfono e Fax para notificacións

Acreditación da representación: Escritura de Poder Nº....., Notario D/Dº....., ou comparecencia persoal ante a Secretaría do Concello de Marín en data.....

EXPOÑO:

Que informado/a da convocatoria do procedimento para a adxudicación de autorizacións para a instalación de 17 postos de venda ambulante no mercado semanal de Marín e, considerando que cumpro cos requisitos esixidos na normativa reguladora da venda ambulante ou non sedentaria, así como no regulamento municipal regulador da mesma,

DECLARO: Que acepto de forma incondicional cada unha das cláusulas das "bases reguladoras da adxudicación, mediante sorteio público, de autorizacións para a instalación de 17 postos de venda no mercadillo semanal de Marín".

SOLICITA:

Ser admitido/a para tomar parte no procedimento de adxudicación de autorizacións para a venda ambulante no mercado semanal de Seixo, nas seguintes condicións:

PRODUTOS A COMERCIALIZAR:

1. Produtos ecolóxicos
2. Confección, calzado, artigos de coiro, ...
3. Complementos de beleza, perfumería, droguería...
4. Artigos de equipamento do fogar e ferretería...
5. Xoguetes
6. Plantas
7. Outros.....



ILTMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN

ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Orense, s/n
Telef. 986880300- Fax 986882013
36900 MARÍN (Pontevedra)

DOCUMENTOS QUE SE AXUNTAN

- Fotocopia do DNI/CIF ou NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá achegar: pasaporte ou tarxeta de residencia para cidadáns comunitarios e permiso de residencia e traballo para os non comunitarios.
- Cando se trate de persoa xurídica: CIF, copia da escritura legal de constitución e de posibles modificacións á mesma, así como escritura de poder bastante da persoa que asine a solicitude.

En Marín, a.....de..... de 2018.

Asdo.:.....



ILTMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN

ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Orense, s/n
Telef. 986880300- Fax 986882013
36900 MARÍN (Pontevedra)

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VENDA AMBULANTE

SOLICITANTE	Nome e apelidos ou Razón social:	
	DNI, CIF ou Permiso de Residencia:	Nº Teléfono/fax/correo electrónico:
<input type="checkbox"/> AUTÓNOMO		
REPRESENTANTE	Nome e apelidos ou Razón social:	
	DNI ou CIF:	Nº Teléfono/fax/correo electrónico:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	Rúa/Praza/Av./Camiño/Urb.:	

Que sendo *adxudicatario do posto nº do Mercadillo de SOLICITA a preceptiva autorización municipal para exercer a venda a ambulante no mercadillo de (Marín)*

Que se habilite para vender no meu posto a:

..... con D.N.I. (.....)
..... con D.N.I. (.....)
..... con D.N.I. (.....)

A tales efectos,

DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- a) Que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia e que deron lugar ao outorgamento da autorización nos anos precedentes.
- b) Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo de vixencia da autorización
- c) Que está en posesión da documentación que así o acredita.
- d) Que está dado/a de alta no epígrafe correspondente no imposto de actividades económicas e ao corrente, de ser o caso, no pago do devandito tributo.
- e) Que está en situación de alta no réxime da Seguridade Social oportuno e ao corrente no pagamento das cotizaciones ao mesmo.
- f) Que dispón do oportuno permiso de residencia e traballo conforme á normativa vixente (no caso de persoas extracomunitarias)
- g) Que os postos e os produtos obxecto de venda reúnen as condicións esixidas pola normativa reguladora dos mesmos para a súa venda ambulante e non vai a comercializar produtos prohibidos.

AUTORIZA a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demás circunstancias relativas á presente instancia.

AUTORIZA así mesmo conforme ao estipulado no art. 8º da Lei 13/2010 de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia, o traslado dos datos consignados no presente documento á Consellería competente en materia de venda ambulante, consorte a cumprimentación do Rexistro Galego de Comercio.



ILTMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN

ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Orense, s/n
Telef. 986880300- Fax 986882013
36900 MARÍN (Pontevedra)

DATOS DO POSTO DE VENDA AMBULANTE

POSTO N°

PRODUTOS QUE VAN SER COMERCIALIZADOS (especificar):

SUPERFICIE DO POSTO m² (..... m. de frente x m. de fondo)

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR Á SOLICITUDE (marcar cunha X)	<p>NO CASO DO/A TITULAR DO POSTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI/NIF/NIE e Tarxeta residencia ou permiso de traballo (en caso de estranxeiros) <input type="checkbox"/> Dúas fotos tamaño carné <input type="checkbox"/> Acreditación de estar dado/a de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa ou, en caso de estar exentos, acreditación de estar dado de alta no censo de obrigados tributarios. <input type="checkbox"/> Documento acreditativo de ter contratada póliza de seguro obligatorio de responsabilidade civil por importe míñ. de 150.000,00 €, así como o último recibo pagado. <input type="checkbox"/> Recibos que acrediten estar ao corrente no pago das cotizacions da Seguridade Social <input type="checkbox"/> Fotocopia do carné de Manipulador de Alimentos (nos casos de licenza con produtos de alimentación). <input type="checkbox"/> Número de conta bancaria (en caso de domiciliación do pago) <p>NO CASO DE AUTORIZADO/S OU TRABALLADOR/ES:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Libro de familia do titular, DNI e fotografía actual tamaño carné de cada familiar que deseche autorizar. <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI/NIF/NIE e do contrato do/s traballador/es a cargo que deseche habilitar para a venda no posto, e fotografía actual tamaño carné do/s mesmo/s. <p>NO CASO DE COOPERATIVISTAS OU PERSOAS XURÍDICAS</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Fotocopia do NIF/NIE do/a representante, escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude en representación da persoa xurídica ou documento acreditativo da representación expresa para este acto. <input type="checkbox"/> Fotocopia do CIF, da Acta de Constitución e dos Estatutos da Cooperativa ou entidade solicitante (Só no caso de non tela achegada anteriormente) e declaración xurada na que o seu representante manifeste que estes non experimentaron ningunha modificación. <input type="checkbox"/> Acreditación de que a entidade solicitante está de alta no ano en curso no Imposto de Actividades Económicas con indicación do epígrafe fiscal e ao corrente no pagamento da tarifa ou, en caso de estar exentos, acreditación de estar dado de alta no censo de obrigados tributarios. <input type="checkbox"/> Acreditación de atoparse ao corrente no pagamento das cotizacions á Seguridade Social. <input type="checkbox"/> Documento acreditativo de ter contratada póliza de seguro obligatorio de responsabilidade civil por importe míñ. de 150.000,00 €, así como o último recibo pagado <input type="checkbox"/> Acordo de designación dos cooperativistas, traballadores asociados ou asalariado/s que van a estar ao fronte dos postos da cooperativa ou entidade solicitante, DNI e fotografía actual tamaño carné de cada un deles. <input type="checkbox"/> Documentación xustificativa da relación contractual ou da condición de traballador asociado ou cooperativista, da/s persoa/s habilitada/s para a venta nos postos da cooperativa. <input type="checkbox"/> Número de conta bancaria (en caso de domiciliación do pago)
---	--

En Marín, a de de 2018.

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MARÍN

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámossle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Marín con domicilio en Avda. De Ourense s/n 36900 Marín (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o Concello. Se o deseche poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI.

